



**BASES REGULADORAS DA SELECCIÓN E CONTRATACIÓN EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL E CON CARÁCTER TEMPORAL DE DÚAS PRAZAS DE MONITOR/A DEPORTIVO/A A TEMPO COMPLETO PARA AS ESCOLAS DEPORTIVAS DO CONCELLO DA PASTORIZA. CURSO 2016-2017**

**1. OBXECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto desta convocatoria a contratación con carácter temporal e en réxime de dereito laboral de dous monitores/as deportivos/as a tempo completo para o desenvolvemento das actividades deportivas Escolas deportivas do Concello da Pastoriza durante o curso 2016-2017.

**2. FUNCIÓNS DO POSTO DE TRABALLO**

1 Desenvolver a animación deportiva no Concello, en especial o deporte escolar e o deporte federado.

2 Programar, organizar e desenvolver actividades lúdicas deportivas no Concello.

4 Colaborar nas actividades de deportivas que outras administracións (Deputación Provincial, Xunta de Galicia, Mancomunidade da Terra Cha) realicen en coordinación con este Concello.

5 Realizar actividades relacionadas coa promoción e animación deportiva con vocación de promover hábitos de exercicio e deporte dirixidas a calquera sector de poboación (adultos e nenos/as)

6. Aquelas outras tarefas relacionadas coa posta en funcionamento de actividades deportivas que lle sexan encomendadas polos órganos de goberno do Concello ou pola Tenente de Alcalde delegada da área de Deportes.

**3. DURACIÓN DO CONTRATO E XORNADA DE TRABALLO**

A modalidade de contrato será a de contrato a tempo completo e duración determinada regulado nos artigos 12 e 15 do Real decreto legislativo 1/1995 de 24 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores.

**3.1. Xornada de traballo**

A xornada de traballo será de 40 horas semanais, prestadas en horario a fixar pola Área de Deportes segundo as necesidades das competicións deportivas podendo incluír nalgúns casos sábados e domingos.

Os traballadores terán os descansos que establece a lei, sendo dados de alta na Seguridade Social e formalizando o correspondente contrato de traballo.



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

### 4. RETRIBUCIÓNS

As retribucións brutas mensuais serán de 764,40 euros (setecentos sesenta e catro euros con corenta céntimos).

### 5. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para ser admitidos neste proceso de selección os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

- a) Ser español/a ou nacional doutro Estado membro da Unión Europea, sempre que neste caso cumpra os requisitos establecidos na Lei 17/1993, de 23 decembro.
- b) Ter cumpridos dezaseis anos de idade e non ter alcanzada a idade de xubilación.
- c) Permiso conducir B1
- d) Estar en posesión dalgún dos seguintes títulos Licenciatura en Educación Física ou Ciencias da actividade física e do deporte, -diplomatura en Educación Física ou Ciencias da actividade física e do deporte ou mestre especialista en educación física, monitor ou técnico deportivo titulado por algunha federación deportiva territorial, rexional ou nacional, titulado co módulo profesional de actividade física e deportiva, ou titulación superiores nesta especialidade.

No caso de aportar un título equivalente aos esixidos, deberase achegar tamén certificado que acredite a citada equivalencia e no caso de titulacións obtidas no estranxeiro a documentación que acredite a súa homologación.

- e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física o psíquica que impida ou sexa incompatible co normal desempeño das funcións correspondentes á praza obxecto da convocatoria.
- f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de funcións públicas por sentenza xudicial firme.

### 6. SOLICITUDES

#### 6.1. Forma, lugar e prazo de presentación.

Os que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán presentar a solicitude segundo o modelo previsto no Anexo I.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do citado Concello de 9:30 a 14:30 ou na forma prevista no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común no prazo



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: [pastorizac@terra.com](mailto:pastorizac@terra.com)

de **cinco (5) días naturais** a contar desde o seguinte ao da publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios do Concello e na web do Concello [www.concelloapastoriza.es](http://www.concelloapastoriza.es).

No caso de presentar a documentación a través dalgún dos medios previstos na lei 30/92 deberán poñelo en coñecemento do Concello remitindo copia da súa solicitude co rexistro de entrada da administración onde a presente, a través do fax (982 33 22 33) ou correo electrónico ([administracion@concellodapastoriza.es](mailto:administracion@concellodapastoriza.es)).

### 6.2. Documentación que debe acompañar a solicitude

As solicitudes deberán acompañarse da seguinte documentación:

- a) Copia compulsada do DNI.
- b) Copia compulsada permiso de conducir B1.
- c) Copia compulsada do título esixido na convocatoria.
- d) Documentos que xustifiquen os méritos alegados (copias compulsadas de títulos, diplomas, contratos de traballo, certificados de empresa, vida laboral, etc.)
- e) Currículo

Só se terá en conta a documentación presentada dentro do prazo previsto no parágrafo anterior. Así mesmo serán excluídos definitivamente os que non presenten en prazo copia da titulación esixida.

## 7. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Unha vez finalizado o prazo de presentación de instancias publicarase a lista provisional de admitidos e excluídos no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do mesmo.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de (3) tres días hábiles dende o día seguinte a súa publicación para emendar o defecto que motivou a súa exclusión ou omisión na relación provisional, en caso contrario quedarán definitivamente excluídos do proceso selectivo.

De non se formular reclamacións a lista entenderase que é definitiva; de existir algunha reclamación que supoña modificación da lista de admitidos e excluídos efectuaranse as correccións pertinentes e faranse públicas a través do taboleiro de anuncios da Corporación.



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Tel. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

---

Na resolución en que se faga pública a lista definitiva de aspirantes tamén se indicará a composición da comisión de valoración e o día e hora sinalados para a o inicio do proceso de selección.

### 8. COMISIÓN DE VALORACIÓN

A comisión de valoración acomodarse o disposto nos artigos 60 e 61 do EBEP.

Será nomeada por Decreto da Alcaldía e a súa composición deberá responder aos principios de imparcialidade e profesionalidades dos seus membros. A totalidade dos membros da comisión deberá estar en posesión da titulación académica equivalente ou superior á esixida para a praza convocada.

A comisión de valoración estará integrada por:

Presidente: un funcionario ou persoal laboral dunha administración pública vinculado a áreas de deportes

Vogais:

- un funcionario ou persoal laboral dunha administración pública
- un funcionario ou persoal laboral dunha administración pública

Secretario: un funcionario ou persoal laboral deste Concello ou dunha administración pública sen voz e voto.

A composición da comisión publicarse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, xunto coa lista definitiva de admitidos.

A comisión quedará validamente constituída coa presenza de tres dos seus membros, sendo en todo caso necesaria a presenza do presidente e do secretario.

A pertenza a comisión de valoración será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación o por conta de ninguén.

A actuación da comisión deberá axustarse estritamente ás bases da convocatoria.

Non obstante, queda facultada para resolver as dúbidas que podan xurdir e tomar os acordos necesarios para o bo orde das probas en todo o non previsto nestas bases. Os acordos serán adoptados pola maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

A comisión poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas limitándose os devanditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Tel. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

### 9. PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

#### 9.1 Procedemento de selección

O sistema de selección constará de dúas partes: concurso e entrevista curricular

#### 9.2 Concurso

Valoración do currículo e méritos (10 puntos)

A valoración dos méritos alegados polos aspirantes realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

1º Por experiencia profesional como Monitor Deportivo en Escolas Deportivas: 3 puntos.

2º Por experiencia profesional en postos de monitor deportivo en actividades dirixidos a nenos/as e mozos/as ata 1 puntos.

- en entidades públicas: 0,04 puntos por mes de servizo.
- en entidades privadas : 0,02 puntos por mes de servizo.

A experiencia laboral fóra da administración acreditarase a través do certificado de vida laboral ou correspondentes contratos nos que se acredite todo o tempo traballado.

A experiencia laboral nas Administracións públicas acreditarase a través do correspondente certificado expedido polo órgano competente.

SÓ SE VALORARÁ A EXPERIENCIA DEBIDAMENTE ACREDITADA, DEBENDO CONSTAR NA DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTE PARA A XUSTIFICACIÓN DA EXPERIENCIA A DURACIÓN E CATEGORÍA PROFESIONAL PARA PODER REALIZAR UNHA ADECUADA VALORACIÓN DA EXPERIENCIA.

3º Por titulación académica.

- Licenciatura en Educación Física ou Ciencias da actividade física e do deporte: 3 puntos.

-Diplomatura en Educación Física ou Ciencias da actividade física e do deporte ou Mestre especialista en educación física: 2 puntos.

-Monitor ou técnico deportivo titulado por algunha federación deportiva territorial, rexional ou nacional, titulado co módulo profesional de actividade física e deportiva, ou titulación superiores nesta especialidade: 1 punto.

Acreditaranse mediante certificación ou copia compulsada do título correspondente.

A valoración do título superior -ou de máis puntuación- exclúe o título inferior -o de menor puntuación- sendo a valoración máxima deste mérito de 3 puntos.



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Tel. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

### 4º Por formación complementaria.

Valoraranse cursos relacionados con actividades deportivas impartidos por federacións deportivas, universidades, INEM e outros organismos públicos, ou outras entidades sempre e cando estean debidamente homologados ata un máximo de 2 puntos.

- a) Cursos de menos de 15 horas 0,10
- b) Cursos de 15 a 29 horas 0,20
- c) Cursos de 30 a 60 horas: 0,30
- d) Cursos de máis de 60 a 100 horas: 0,50
- e) Cursos de máis de 100 horas: 1

Se non se indicase a duración do curso este valorarse como o de menor duración

### 5º Por coñecemento de galego ata un máximo de 1 punto.

- CELGA 3, curso de iniciación, a súa validación, a proba libre de iniciación, curso de nivel elemental de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º curso Escola Oficial de Idiomas: 0,50 punto.

- CELGA 4, curso de perfeccionamento da lingua galega, a súa validación, curso básico de linguaxe administrativa galega, curso básico de linguaxe xurídica galega e curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, 1º e 2º e 3º curso da Escola Oficial de Idiomas: 1 puntos.

Non poderán, en ningún caso, acumularse as puntuacións polos distintos cursos ou titulacións, puntuándose, en consecuencia, polo curso ou titulación de nivel superior.

### 9.3 Entrevista curricular

A entrevista terá como finalidade apreciar o dominio dos coñecementos, formación, estudos, e experiencia profesional acreditados no currículo e a súa adecuación á praza á que opta.

Consistirá nunha serie de preguntas orais ou por escrito, segundo determine a comisión de valoración, iguais para todos os aspirantes dirixidas a constatar o grado de coñecementos xerais relacionados co funcionamento da administración pública en xeral e da administración local e en particular deste Concello, así como a formación técnica para o posto de traballo e as funcións do mesmo: as actividades deportivas, o deporte federado, o actividades físico deportiva nos nenos/as, condicións física e a actividade deportiva para maiores, funcionamento das escolas deportivas, primeiros auxilios....

Sen prexuízo do anteriormente sinalado, os membros da Comisión de valoración poderán formular calquera outra pregunta/s que consideren conveniente os interesados para afondar unicamente en cuestións curriculares, atendendo



## **CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)**

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Tel. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

---

especialmente a experiencia en traballos similares, a dispoñibilidade, e a idoneidade do candidato.

A entrevista consistirá nunha serie de preguntas orais ou escritas iguais para todos os aspirantes e valorarase ata un máximo de 5 puntos.

### **10. DESENVOLVEMENTO DA SELECCIÓN.**

Unha vez publicada a lista definitiva de admitidos na data sinalada en dita resolución convocarase a comisión de valoración para a baremación dos méritos de acordo co disposto na base 9.2.

Finalizado o baremo de méritos farase público no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello o seu resultado, fixándose un prazo de TRES (3) DÍAS HÁBILES para que os aspirantes que o desexen podan pedir a revisión das súas puntuacións. A tal fin, haberá que presentar a correspondente solicitude no rexistro xeral do Concello.

Unha vez finalizado o prazo de revisión e unha vez resoltas no seu caso as revisións solicitadas, publicarase no taboleiro de anuncios e páxina web do Concello a valoración definitiva dos méritos dos aspirantes, así como a data e lugar da celebración da Entrevista, cunha antelación mínima de 24 hs.

### **11. RELACIÓN ORDENADA DE ASPIRANTES E PROPOSTA DO TRIBUNAL.**

#### **11.1. Publicación das cualificacións finais**

A valoración final de todos os aspirantes, será a suma da valoración que obtiveran nas dúas fases (concurso e méritos). No caso de empate na puntuación final darase preferencia ao candidato que posúa a titulación superior. Se persiste o empate, darase preferencia ao candidato que maior puntuación acadase nos seguintes apartados e pola orde que se cita: no apartado de experiencia e no apartado de cursos. Se aínda así persiste o empate, decidírase mediante sorteo público.

A relación ordenada en función da puntuación obtida dos aspirantes que superaron o proceso de selección, farase pública no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

#### **11.2. Bolsa de traballo.**

O resto dos aspirantes non seleccionados formarán unha bolsa de emprego, chamándoos por rigoroso orden de puntuación para a súa incorporación en caso de necesidade de ampliación das tarefas, baixas laborais, vacacións e outras vacantes que se puideran producir.



## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Tel. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

A vixencia da bolsa manterase mentres dure o contrato.

### **12. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.**

Os aspirantes propostos para ocupar as prazas convocadas, dentro do prazo de dous (2) días hábiles, a contar desde o seguinte ao da publicación da proposta de selección no taboleiro de edictos do Concello, deberá presentar os documentos acreditativos de reunir os requisitos da convocatoria previstos na base 5ª.

A xustificación das condicións dos aspirantes acreditarase coa seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada da tarxeta sanitaria.
- Certificado médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das tarefas para as que solicita ser contratado/a e, polo tanto, estar capacitado/a para o desempeño do posto de traballo ao que aspira.
- Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidade para a función pública de conformidade coa lexislación vixente. (conforme ao Anexo II)
- Declaración xurada de cumprir todos os requisitos esixidos pola lexislación vixente en materia de contratación laboral.(conforme ao Anexo II)
- Número da conta bancaria (IBAN)

### **13. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO**

Cos aspirantes seleccionado/as formalizarse un contrato laboral temporal de duración determinada por obra ou servizo determinado.

O contrato formalizarase finalizado o prazo de presentación de documentación a que se refire a base 12 desta convocatoria.

### **14. NORMATIVA E RECURSOS**

#### **14.1. NORMATIVA APLICABLE**

-No non sinalado nas presentes bases de selección estarase ao previsto na normativa básicas sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación.

-Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

-Real decreto legislativo 781/1986, de 19 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.





## CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Tel. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

-Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la lei del estatuto Básico del Empleado Público.

-Lei 53/1984, de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

-Real decreto legislativo 1/1995, de 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos Traballadores.

-Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

### 14.2. Recursos

As presentes bases e demais actos administrativos que se deriven do proceso selectivo a que se refiren as presentes bases poderán ser impugnadas polos interesados/as nos casos, termos e formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no seu caso, na Lei 29/1998, de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

## 15. PUBLICIDADE

Atendendo ao principio rétor de publicidade das convocatorias e das súas bases, a convocatoria publicarse no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello

Así mesmo infórmase que todos os anuncios a que se refiren as bases, faranse exclusivamente no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

A Pastoriza a 19 de setembro de 2016.

P.D.

(Resolución da Alcaldía de 15 de xuño de 2015).

A tenente de alcalde,



Elva Carrera González



**CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)**

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287  
Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33  
e-mail: pastorizac@terra.com

**ANEXO I**

D/Dona.....con  
domicilio en..... núm. ...., piso..... municipio  
de ..... teléfono ....., e núm. de D.N.I.....

**EXPÓÑO:**

1º. Que desexo participar no proceso selectivo convocado para a selección de dous monitores/as deportivos/as a tempo competo segundo as bases aprobadas por Decreto da Alcaldía de data 15 de setembro de 2016.

2º. Que na data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude reúno todos os requisitos esixidos nas bases da convocatoria., as cales coñezo e acepto integramente.

3º. Que son certos os datos recollidos na presente instancia coa que achego segundo o disposto na base 5ª.2 da Convocatoria a seguinte documentación

- Fotocopia compulsada do D.N.I.
- Fotocopia compulsada permiso de condución B1
- Fotocopia da titulación académica esixida.
- Currículo
- Documentación xustificativas dos méritos que se alegan:

---



---



---



---



---



---



---

Por todo o exposto, **SOLICITO** ser admitido no citado proceso de selección.

A Pastoriza,..... de setembro de 2016

Sinatura

Sra. Tenente de alcalde do Concello da Pastoriza

En virtude do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmaselles de que os datos persoas que proporcionen serán tratados polo Concello da Pastoriza coa única finalidade de tramitar a súa solicitude. Así mesmo poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito á Concello da Pastoriza, Praza de Galicia,1 27287 A Pastoriza.



**CONCELLO DA PASTORIZA (LUGO)**

Praza de Galicia, n.º 1 - C. P. 27287

Telf. 982 33 21 97 - Fax 982 33 22 33

e-mail: pastorizac@terra.com

**ANEXO II**

**DECLARACIÓN XURADA**

Don/Dona. \_\_\_\_\_, con domicilio en \_\_\_\_\_ núm. \_\_\_\_\_, piso \_\_\_\_\_ municipio \_\_\_\_\_ C.P. \_\_\_\_\_, teléfono \_\_\_\_\_, e D.N.I. núm. \_\_\_\_\_, de conformidade co disposto na base 12ª da convocatoria para a contratación laboral temporal de dous MONITORES/AS DEPORTIVO/A a tempo completo para o Concello da Pastoriza.

**DECLARO:**

Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública, que non estou inhabilitado por sentenza xudicial firme, nin estar incurso en ningunha das causas de incapacidade e incompatibilidades para a función pública de conformidade coa lexislación vixente.

Que cumpro todos os requisitos esixidos pola lexislación vixente en materia de contratación laboral.

En Pastoriza, \_\_\_\_ de setembro de 2016

(sinatura)

En virtude do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, infórmaselles de que os datos persoas que proporcionen serán tratados polo Concello da Pastoriza coa única finalidade de tramitar o proceso de selección no que participa. Así mesmo poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por escrito á Concello da Pastoriza, Praza de Galicia, 1 27287 A Pastoriza.